



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### **Asunto: APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA NOVA AMPLIACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS**

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía número 532/2021 e data 30/09/2021 aprobouse a nova composición da bolsa de traballo para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Visto o Convenio interadministrativo entre a Consellería de Medio Rural e a entidade local, Concello de Cedeira, para a realización de acción de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, asinado por ambas partes en data 25/05/2023.

Vista a acta favorable de data 06/07/2023 da Comisión de seguimento de dito Convenio na que se recolle que o Programa de actuacións.

Tendo en conta que, logo de comprobar a dispoñibilidade dos componentes de dita bolsa, non se atopa un número mínimo suficiente para poder formar unha cuadrilla de loita contra incendios.

Vistas as bases específicas propostas por esta Alcaldía, con data 14 de xullo de 2023, para a ampliación da bolsa de traballo xa existente, que son reprodución das aprobadas para a formación da bolsa aprobada por Resolución de Alcaldía número 532/2021 e data 30/09/2021, coas necesarias adaptacións relativas á ampliación.

Tendo en conta que a competencia para aprobar as bases de selección de persoal, ao abeiro do art. 21 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Alcalde.

Polo exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a nova convocatoria e as bases específicas para a ampliación da bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais aprobada por Resolución de Alcaldía número 532/2021 e data 30/09/2021.

**Segundo.-** Os/as candidatos/as que superen o proceso selectivo integraranse na bolsa de emprego aprobada pola citada Resolución da Alcaldía número 532/2021 e a partires do/da último/a aspirante que figura na mesma en cada un dos postos dentro da Brigada.

**Terceiro.-** Dispoñer a publicación da convocatoria e das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia dacordo co establecido nas mesmas.

### **ANEXO: BASES ESPECÍFICAS PARA A NOVA AMPLIACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS**

#### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto da convocatoria é a ampliación da bolsa de traballo para a contratación laboral temporal ou nomeamentos interinos para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais aprobada por Resolución de Alcaldía número 532/2021 e data 30/09/2021.

Os/as candidatos/as que superen o proceso selectivo integraranse na bolsa de emprego aprobada por Resolución da Alcaldía a partires do/da último/a aspirante que figura na mesma.

#### **2.- DURACIÓN DOS CONTRATOS**

Segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do Concello de Cedeira ou de conformidade coa regulación do convenio de colaboración entre este concello e a Consellería do Medio Rural en materia de vixilancia, prevención e defensa contra os incendios forestais.



### 3.- SISTEMA DE PROVISIÓN

Concurso-Oposición.

### 4.- XORNADA LABORAL

Será a tempo completo cos descansos establecidos na lei. Con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

### 5.- RETRIBUCIÓNS

As correspondentes segundo a Táboa salarial do persoal laboral do Concello de Cedeira para o exercicio económico en vigor.

### 6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os aspirantes para participar nas probas, deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

#### 6.1. Requisitos xerais

a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa

c) Poseer as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións o tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación das probas.

A discapacidade e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servicios Sociais

d) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente

e) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que se desempeñan no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

#### 6.2 Requisitos específicos:

**Peón:** Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria ou graduado escolar ou certificado de escolaridade.

**Peón conductor:** Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria ou graduado escolar ou certificado de escolaridade e estar en posesión do carné de conducir B en vigor.

**Xefe de brigada:** Estar en posesión do título de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente e estar en posesión do carné de conducir B en vigor.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, para cada unha das prazas, deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, e será nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.



As persoas seleccionadas deberán realizar un **curso teórico-práctico** de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia. Este curso será obrigatorio aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

## 7.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Cedeira, na Sede Electrónica (<https://sede.cedeira.es>) ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedimemento administrativo común das Administracións Públicas. Se se presentara a instancia por correo postal, deberá aparecer o selo da oficina de correos na devandita solicitude e se comunicará ao Concello a presentación da solicitude, por correo electrónico á dirección [correo@cedeira.es](mailto:correo@cedeira.es), ou por fax ao número 981482506. Noutro caso só a data de inscrición da instancia no Rexistro do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

O prazo de presentación de solicitudes será de CINCO DÍAS HÁBILES, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia que se facilitará nas oficinas municipais (modelo Anexo II das presentes bases) e irán acompañadas dos seguintes documentos:

- 1) Fotocopia do D.N.I.
- 2) Xustificante de pago da taxa, segundo o posto, e según o disposto na Ordenanza municipal 2.6, reguladora da taxa pola participación en procesos selectivos, no artigo 5.1.

**Peón:** 5 euros

**Peón conductor:** 5 euros

**Xefe de brigada:** 10 euros

- 3) Fotocopia do título académico segundo o posto
- 4) Fotocopia do carné de conducir B segundo o posto.
- 5) Fotocopia da Documentación acreditativa dos méritos alegados
- 6) Fotocopia do título acreditativo de coñecemento da lingua galega Celga ou equivalente. En todo caso, e de acordo co previsto no artigo 51.2 da Lei de Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten dito coñecemento da Lingua Galega requirido (Celga, ou equivalente), ou de estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán obter, para a definitiva superación do proceso selectivo, a cualificación de apto/a na proba específica de coñecemento da lingua galega que deberán realizar, de conformidade ao previsto na base novena da presente convocatoria.

## 8.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía se aprobará a listaxe provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal outorgando un prazo de TRES DÍAS HÁBILES para correccións ou emenda de defectos.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía

## 9.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

A Comisión seleccionadora estará composta por un Presidente, un Secretario, e tres vogais nomeados por Resolución de Alcaldía de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.



Todos os membros da Comisión Seleccionadora deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros do Comisión Seleccionadora será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, a efectos da realización de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a presenza, a lo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario. De tódalas reunións que faga o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

As decisións se adoptarán por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a da Comisión.

A Comisión seleccionadora estará facultada para a interpretación das presentes bases, así como para resolver as dúbidas que xurdan da súa aplicación e determinará a actuación procedente nos casos non previstos.

Poderase nomear a persoal técnico, con voz e sen voto, aos únicos efectos de asesoramento da Comisión Seleccionadora.

Os membros concorrentes ás sesións da Comisión Seleccionadora e para os efectos de percepcións de asistencias se clasificarán consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

## **10.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DA FASE DE CONCURSO-OPOSICIÓN**

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de concurso-oposición libre, cos candidatos que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

O tribunal publicará os anuncios de celebración dos exercicios no taboleiro de edictos e na páxina web do concello ([www.cedeira.gal](http://www.cedeira.gal)) e Sede Electrónica (<https://sede.cedeira.es>).

A cualificación dos exercicios e o resultado do proceso selectivo farase pública mediante a publicación da correspondente acta/anuncio da Comisión Seleccionadora no taboleiro de edictos e na páxina web do concello ([www.cedeira.gal](http://www.cedeira.gal)) e Sede Electrónica (<https://sede.cedeira.es>).

## **11.- CRITERIOS DE SELECCIÓN**

### **A) FASE DE CONCURSO: máximo 7 puntos**

#### **a) 1. Experiencia laboral: máximo 3 puntos**

Por acreditar experiencia laboral na administración pública ou empresa privada como persoal integrado no servizo de extinción de incendios: 0,20 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificado de vida laboral (co obxecto de determinar a duración real da relación contractual) e copias auténticas dos contratos de traballo (co obxecto de determinar as funcións realizadas).



Cando o contrato sexa a media xornada ou superior contabilizarase como si fose xornada completa. Si o contrato fose inferior a media xornada non se valorará.

## b) 2. Formación: máximo de 3 puntos

Cursos de formación relacionados coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologados por estas: 0,20 puntos/curso por cursos de 20 horas ou máis de duración, ata un máximo de 2 puntos.

Formación en materia de prevención de riscos laborais impartidos por entidades ou empresas homologadas pola Administración: 0,20 puntos/curso por cursos de 20 horas ou máis de duración, ata un máximo de 1 punto.

Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.

## 3. Coñecemento da lingua galega: máximo 1 punto

Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 2 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 0,25 puntos.

Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 3 ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 0,5 puntos

Por estar en posesión de titulación acreditativa do Celga 4 ou superior ou equivalente segundo validacións oficialmente establecidas: 1 punto

Os/as aspirantes que non acrediten estar en posesión de ningún dos Celga establecidos, deberán realizar un exercicio que demostre o coñecemento da lingua galega. O exercicio evaluarase de 0 a 1 punto.

Os méritos alegados acreditaránse mediante documentos orixinais ou copias.-

## B) FASE DE OPOSICIÓN: máximo 20 puntos

A fase de oposición consistirá na realización dun único exercicio que constará de dúas partes e unha proba física:

### 1ª parte: Exame tipo test obrigatorio e eliminatorio

**Peón e peón-conductor:** Exame tipo test de 20 preguntas con catro posibles respostas das que unha soa será verdadeira relacionadas cos temas do anexo I. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de vinte minutos. Cada resposta correcta puntuarase con 0,5 puntos, e as respostas erradas penalizarán con 0,05 puntos. As respostas en branco non penalizarán. Será calificada cunha puntuación de 0 a 10 puntos sendo necesaria para superala unha puntuación mínima de 5 puntos.

**Xefe de brigada:** Exame tipo test de 40 preguntas con catro posibles respostas das que unha soa será verdadeira relacionadas cos temas do anexo I. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de corenta minutos. Cada resposta correcta puntuarase con 0,25 puntos, e as respostas erradas penalizarán con 0,15 puntos e as respostas en branco non penalizarán. Será calificada cunha puntuación de 0 a 10 puntos sendo necesaria para superala unha puntuación mínima de 5 puntos.

### 2ª parte: Exame práctico obrigatorio e eliminatorio

Nun tempo máximo de 10 minutos os/as aspirantes deberán demostrar as súas habilidades e coñecementos profesionais na realización da proba estipulada ao seu efecto polo Tribunal seleccionador, atendendo á categoría a desempeñar (xefe de brigada, peón de brigada – condutor ou peón de brigada). Será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo.



**Proba física: de carácter obrigatorio e eliminatorio.** A súa cualificación será **apto/ non apto** e só se permite un intento.

Emprégase un banco de 40 cm. de altura para homes e 33 cm. para mulleres, no que se subirá e baixará a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto) durante un período de cinco minutos. O ritmo márcase cun metrónomo. Unha vez finalizado este tempo a persoa que realizou o exercicio repousará quince segundos e unha vez finalizados tomaráselle o pulso (no pulso e no colo, contando as súas pulsacións durante outros quince segundos). Necesitarase unha báscula para obter o peso dos/as candidatos/as.

Cos datos obtidos, idade, peso e pulsacións, pasarase as táboas que se acompañan e determinarase a capacidade aeróbica (Anexo I), sendo necesario para ser apto obter como mínimo 40 puntos.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Persoa que obtivese o mellor índice de capacidade aeróbica na proba física.
2. Puntuación obtida na 2ª parte do exercicio da fase de oposición.
3. Puntuación obtida na 1ª parte do exercicio da fase de oposición.
4. Puntuación obtida no apartado 1 da fase de concurso
5. Puntuación obtida no apartado 2 da fase de concurso
6. Puntuación obtida no apartado 3 da fase de concurso

## 12.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO

Cos aspirantes aprobados formarase unha bolsa de traballo segundo o orde de puntuación obtida e por cada unha das categorías existentes (xefe de brigada, peón de brigada – condutor e peón de brigada) para nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais en postos de traballo de contido equivalente de acordo coas seguintes normas:

### 12-1.-Os chamamentos aos aspirantes.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente, ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

Antes da sinatura do contrato o Concello poderá acordar que o traballador se someta a un recoñecemento médico-psicolóxico que evalúe a súa adecuación ao posto a desempeñar. No caso de que o traballador resulte non apto non perderá o seu lugar na bolsa de traballo e volverá a ser chamado cando se oferte un posto de distintas características do que foi considerado non apto.

### 12.2.-Suspensión dos chamamentos.

1. De oficio.

A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata que cese o primeiro nomeamento.

2. Por solicitude do/a interesado/a.

Os integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada.

A dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses computados desde a data de efectos da suspensión.

### 12.3.- Mellora



No caso de que algún integrante da bolsa de traballo estivera contratado ou nomeado como funcionario interino e fora a realizarse un novo chamamento para un posto que obxectivamente poda considerarse como de mais longa duración ou de maior xornada poderá solicitar ser contratado ou nomeado con preferencia aos seguintes na lista. O órgano competente o acordará sempre que non supoña menoscabo para o servizo.

#### **12.4.-Situación na Bolsa de Traballo.**

1. Os integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para o que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

2. Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento segundo o disposto na base novena, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

3. Os integrantes da bolsa de traballo que renuncien á continuidade no desempeño dun posto de traballo perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

#### **12.5.- Nomeamentos e Cesamentos.**

Poderán conferirse nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais para o desempeño de postos de traballo que se encontren vacantes ou non vacantes. Neste último caso será causa suficiente a situación de ILT ou vacacións do seu titular.

Previo ao nomeamento deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Intervención Municipal.

Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo o orde da bolsa de traballo, o Sr. Alcalde por Resolución procederá ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

#### **12.6- Extinción da Bolsa de Traballo.**

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases extinguirase unha vez transcorridos catro anos dende a súa aprobación, ou cando se produza un novo proceso selectivo, temporal ou definitivo, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

### **13.- PUBLICIDADE**

No BOP publicarase anuncio comprensivo do acordo de aprobación da convocatoria, do prazo de presentación de solicitudes e das bases do proceso selectivo.

No taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e Sede Electrónica publicaranse as bases íntegras do proceso selectivo e os resultados do proceso de selección.

### **14.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE**

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o



regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

Cedeira, 14 de xullo de 2023

O Alcalde

D. Pablo Diego Moreda Gil

## ANEXO I

### Peón e peón conductor:

Tema 1.- A defensa contra incendios forestais en Galicia. Os distritos forestais. A rede de radio. Os sistemas de comunicacións. A transmisión de datos dun lume.

Tema 2.- Lume forestal e o seu comportamento. O ataque directo e indirecto.

Tema 3.- Extinción de incendios forestais: técnicas de extinción, primeiro ataque e ataque ampliado, o contralume. Retardantes.

Tema 4.- Prevención. Accións sobre o territorio. Infraestructuras defensivas. Accións sobre a poboación.

Tema 5.- A seguridade persoal e a prevención de accidentes.

Tema 6.- Coñecemento do municipio de Cedeira.

### Xefe de brigada:

Tema 1.- O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación: competencias municipais. Coñecemento do municipio de Cedeira.

Tema 2.- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).

Tema 3.- Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

Tema 4.- Orde do 13 de marzo de 2009 sobre aprobación dos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Tema 5.- O Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA).

Tema 6.- Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.

Tema 7.- Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.

Tema 8.- A defensa contra incendios forestais en Galicia. Os distritos forestais. A rede de radio. Os sistemas de comunicacións. A transmisión de datos dun lume.

Tema 9.- Lume forestal e o seu comportamento. O ataque directo e indirecto. Os tendidos de manguera. Coordinación do binomio cuadrilla- vehículo autobomba. A dirección de extinción.

Tema 10.- Sistemas de detección e comunicación. Extinción de incendios forestais: técnicas de extinción, primeiro ataque e ataque ampliado, o contralume. Retardantes. Medios, vehículos, maquinaria e aeronaves na extinción de incendios. A coordinación de medios aéreos.

Tema 11.- Prevención. Accións sobre o territorio. Infraestructuras defensivas. Accións sobre a poboación.

Tema 12.- Seguridade e prevención de riscos. A seguridade persoal e a prevención de accidentes.







CUADRO B

Tomar el resultado (del 3) y ajustar por edad.

⑤

15	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	74	75	76	
20	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73	
25	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	
30	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	
35	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	
40	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	
45	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	
50	24	25	26	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	
55	23	24	25	27	28	29	30	31	32	33	34	36	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64		
60	22	23	24	25	26	27	28	30	31	32	33	34	36	34	37	37	38	39	40	41	42	42	43	44	45	46	46	47	48	49	50	51	51	52	53	54	55	56	57	57	58	59	60	
65	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	36	36	37	38	38	39	40	41	42	42	43	44	45	46	46	47	48	49	50	50	51	52	53	54	54	55	56	57	58	
70	30	31	32	33	34	36	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72

④

COEFICIENTE DE SALUD (del 3)

De la intersección de la columna del coeficiente de salud y de la fila de la edad más próxima obtenemos la capacidad aeróbica.

- Capacidad aeróbica igual o superior a 45: Brigadas Especiales.
- Capacidad aeróbica entre 40 y 45: Otras Brigadas.
- Capacidad aeróbica menor de 40: No apto para la extinción de incendios forestales.



Subida y bajada del banco

CVD: FI83xrU6KKx1vCOM3YUA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



ANEXO II- MODELO DE SOLICITUDE

D/Dona: \_\_\_\_\_
DNI: \_\_\_\_\_ enderezo \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_
Teléfono: \_\_\_\_\_ EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a contratación laboral temporal ou nomeamentos interinos para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.
Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases da convocatoria sinalada.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
Fotocopia da titulación académica
Fotocopia do carné de conducir B (para peón condutor)
Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados
Fotocopia do certificado Celga ou equivalente

Polo exposto, SOLICITA:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo referido (marcar o que proceda):

- [ ] Peón de brigada – condutor [ ] Peón de brigada

E declara baixo xuramento:

Poseer as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións o tarefas correspondentes á praza á que se opta.

Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que se desempeñan no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Table with 2 columns: Description and Amount. Includes sections for AUTOLIQUIDACIÓN, Taxa de Probas Selectivas, and CALCULO DA COTA A INGRESAR (Euros).

Cedeira, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Asinado: \_\_\_\_\_

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CEDEIRA



ANEXO II- MODELO DE SOLICITUDE

D/Dona: \_\_\_\_\_
DNI: \_\_\_\_\_ enderezo \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_
Teléfono: \_\_\_\_\_

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a contratación laboral temporal ou nomeamentos interinos para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases da convocatoria sinalada.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
Fotocopia da titulación académica
Fotocopia do carné de conducir B
Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados
Fotocopia do certificado Celga ou equivalente

Polo exposto, SOLICITA:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo referido (marcar o que proceda):

[ ] Xefe de brigada

E declara baixo xuramento:

Poseer as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións o tarefas correspondentes á praza á que se opta.

Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que se desempeñan no caso de persoal laboral, no que houberse sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Table with 2 columns: Description and Amount. Rows include: AUTOLIQUIDACIÓN, Concello de Cedeira (CIF P-1502200-G), Taxa de Probas Selectivas (Ordenanza 2.6) (Código: 329.01), d) Exercicio/Período: 2023, CALCULO DA COTA A INGRESAR (Euros), Denominación do proceso: contratación laboral temporal ou nomeamentos interinos para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais. (Importe Euros), [ ] Probas de acceso ao ao Grupo A2 ou categorías de persoal laboral asimilables ou outros non tarefados. XEFE DE BRIGADA (10,00 €), Lugar de ingreso: BBVA ES70 0182 0622 4100 0000 0055, CAIXABANK ES37 2100 4936 5822 0000 4470, ABANCA ES15 2080 5196 2931 1000 0027, BANCO SANTANDER ES71 0030 6082 5908 6502 4273, O abono acredítase mediante selo e sinatura ou validación mecánica (TOTAL A INGRESAR: €)

Cedeira, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Asinado: \_\_\_\_\_

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CEDEIRA



En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.